

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de setembro de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

1. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle para agregación das unidades edificatorias 120640 e 120641 do Pepri (praza Santo Domingo, 21-22).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación das obras de "Pavimentación da mediana na rúa da Industria", exp. ref: 2025/C002/000016.

Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de produtos de hixiene para as escolas infantís municipais "Serra de Outes" (lote 1) e "Gregorio Sanz" (lote 2) e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2025/C004/000025.

Así mesmo, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de equipos de protección individual (Epis) para as persoas traballadoras do recinto do cemiterio de san froilán e no mercado municipal na apertura do procedemento de

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6035249338646802028.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-9-2025

adxudicación, exp. ref. 2025/C004/000023.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación e posterior sinatura de primeira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local Concello de Lugo para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do plan estratéxico da política agraria común (Pepac) 2023-2027.

Taméns e acorda aprobar o texto e proceder á sinatura do Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento Lugo USC, activate para o novo curso 2025.

4. FANCENDA LOCAL.- Acórdase a anulación da liquidación provisional 12398458 relativa á licenza urbanística para a construción de nave industrial de produción para a fabricación e elaboración de produtos pertencentes ao sector enerxético, así como as instalacións, vestiarios, comedor e oficinas necesarias para o desenvolvemento da actividade na rúa Ramón María Aller Ulloa, parcelas B2 e B3 do parque empresarial as Gándaras, e emisión de nova liquidación provisional.

5. PERSOAL.- Acórdase aprobar a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de enxeñeiro/a de camiños, en quenda de promoción interna (OEP 2016), en execución da sentenza 00065/2023 ditada polo TSX de Galicia no Pa 310/2021-S.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a actualización do Plan de medidas antifraude do Concello de Lugo para a xestión dos fondos "Nextgeneration eu".

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6035249338646802028.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-9-2025